



ASISTENTES:

ALBA CASTRO, JOSÉ LUÍS
ALFONSO CARBÓ, PEDRO
ALLEGUE AGUETE, PILAR
ARÉVALO TOMÉ, RAQUEL
ARIAS ACUÑA, ALBERTO MARCOS
BAJO PALACIO, IGNACIO
BARAJAS ALONSO, ANGEL ANTONIO
BASALO DOMÍNGUEZ, DAVID
BERGANTIÑO CID, GUSTAVO
BRAVO BERNÁNDEZ, JORGE
CAAMAÑO MARTÍNEZ, JOSÉ CARLOS
CAAMAÑO REMUIÑÁN, ZAIRA
CABALLERO RÚA, ARMANDO
CAMPANINI CAFFARO, MICAELA
CARBALLO GONZÁLEZ, M^a DE LOS
ÁNGELES
CARBALLO RIAL, ROSA
CARRILLO PÉREZ ROSALÍA
CASARES PENELAS, JOSÉ CARLOS
CASTRO CERCEDA, M^a LUISA
CEBRO BARREIRO, SABELA
CONDE CASAS, SOFÍA
CORBACHO VALENCIA, JUAN MANUEL
COSTA GONZÁLEZ, ALICIA
COUÑAGO MÉNDEZ, PRÁXEDES
CRISTOBAL ORTEGA, M^a JULIA
CUIÑAS GÓMEZ, ÍÑIGO
DE LORENZO RODRÍGUEZ, EDITA
DIÉGUEZ QUINTAS, JOSÉ LUIS
DIÉGUEZ RODRÍGUEZ, JOSÉ MIGUEL
EXPÓSITO GONZÁLEZ, BENEDICTA
FÁLAGAN MOTA, JORGE
FARIÑA RODRÍGUEZ, JOSÉ
FERNÁNDEZ ACEVEDO, RAFAEL
FERNÁNDEZ ALVARADO, HADRIÁN
FERNÁNDEZ DOCAMPO, MARÍA BELÉN
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO A.
FERNÁNDEZ IGLESIAS, MANUEL JOSÉ
FERNÁNDEZ JAUREGUI, MANUEL
FERNÁNDEZ OTERO, ANTONIO
FERREIRO VÁZQUEZ, ÓSCAR
FORTES NOVOA, BRAIS
FRAIZ BREA, JOSÉ ANTONIO
GARCÍA BUGARÍN, MERCEDES
GARCÍA ESTÉVEZ, JOSÉ MANUEL
GARCÍA IGLESIAS, JAIME
GARCÍA SÁNCHEZ, MANUEL
GARCÍA SOIDÁN, JOSÉ LUÍS
GARCÍA-PINTOS ESCUDER, ADELA
GIL VILLANUEVA, JOSÉ M^a
GONZÁLEZ JORGE, HIGINIO
GONZÁLEZ SANTAMARÍA, PEDRO
GONZÁLEZ VARELA, LUÍS
GRAÑA RODRÍGUEZ, ANA MARÍA
HERNÁNDEZ SÁNCHEZ, JESÚS
IGLESIAS BRIONES, MARÍA JESÚS
LANTARÓN CAEIRO, EVA M^a
LEGIDO SOTO, JOSÉ LUIS
LLAMAS NISTAL, MARTÍN
LÓPEZ FERNÁNDEZ, JOAQUÍN
LÓPEZ PÉREZ, LUÍS
LÓPEZ RUBIANES, LUCRECIA M^a
LÓPEZ SÁNCHEZ, ÓSCAR
LOVEIRA PAZÓ, ROSA M^a
LUGO LATAS, LUÍS
MACÍAS CAMBRA, HENRIQUE
MARTÍNEZ REY, ADRIÁN
MATO DE LA IGLESIA, SALUSTIANO
MEANA MARTÍNEZ, JUAN CARLOS
MÍGUEZ MIRAMONTES, JESÚS MANUEL
MOHAMED FALCÓN, KAIS JACOB
MOLLINADO LOIS, CARLOS
NÓVOA RODRÍGUEZ, XOSÉ RAMÓN
PARDO FROJÁN, JUAN E.
PATIÑO VILAS, DAVID
PAZ LÓPEZ, JOSÉ
PEÑA GALLEGO, ÁNGELES

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, celebrada o 9 de decembro de dous mil catorce e convocada para as 9:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O día **9 de decembro de 2014** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario, co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de novembro de 2014.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre a planificación plurianual.
4. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2015.
5. Elección de representantes na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.
6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - a. Sector PDI-A: 1
 - b. Sector PDI-B: 2
7. Elección dos seguintes representantes na Comisión Electoral:
 - a. Sector Estudiantes: 1
8. Elección dun membro da Comisión de reclamacións a prazas do profesorado funcionario: 1 vacante.
9. Rogos e preguntas.

Tras saudar aos membros do Claustro, o reitor informa da ausencia da secretaria xeral e de que, por acordo da Mesa, será dona Elsa Vázquez quen actúe como secretaria xeral accidental.

Con carácter previo, o reitor pregunta se hai pedimentos de palabra iniciais. Non houbo peticións de palabra inicial.

O reitor informa dos acordos adoptados pola Mesa do Claustro ao inicio da sesión:

- 1.- Autorizar os pedimentos de palabra solicitados polos seguintes membros da comunidade universitaria: non houbo
- 2.- De acordo co establecido no artigo 16 do Regulamento do Claustro, procedeuse a sortear a letra: sendo a letra o V. Acórdase fixar o límite de tempo máximo de 5 minutos para cada intervención, e 3 minutos á queda de réplica.

PÉREZ GÓMEZ, LUÍS
PÉREZ PAZ, MARÍA FLOR
PITA GRANDAL, ANA MARÍA
PORTEIRO FRESCO, JACOBO
PORTO PORTO, BENJAMÍN
POSADA GONZÁLEZ, DAVID
POU SARACHO, JUAN MARÍA
PRIETO JIMÉNEZ, INMACULADA
QUINTÁNS GRAÑA, CAMILO
REIGOSA ROGER, MANUEL JOAQUÍN
REY LOSADA, FRANCISCO JESÚS
RÍOS SANTOMÉ, MARÍA JOSÉ
RODRÍGUEZ BARCIA, SUSANA
RODRÍGUEZ DE PRADO, FRANCISCO
RODRÍGUEZ FREIRE, NOEL
RODRÍGUEZ GALLARDO, ÁNGEL
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, VIRGILIO
SÁNCHEZ MOREIRAS, ADELA M.
SANTALLA DEL RÍO, VERÓNICA
SIOTA ÁLVAREZ, MÓNICA
TORRES ROMAY, EMMA
TUGORES MARTORELL, FRANCISCO
VALLEJO POUSADA, RAFAEL
VÁZQUEZ DORRÍO, JOSÉ BENITO
VÁZQUEZ OTERO, ELSA
VÁZQUEZ VICENTE, XOSÉ HENRIQUE
VELASCO GRAÑA, Mª RITA
VERA ISASA, MARÍA
VILA ALONSO, MERCEDES
ZAS VARELA, MÓNICA

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

BALTRUSCH, BURGHARD
BLANCO PESQUEIRA, ANTONIA
BUENO ALONSO, JORGE LUIS
COELLO PULIDO, ÁNGELA
CUEVAS ALONSO, MIGUEL
DOVAL AVENDAÑO, Mª MONTSERRAT
FERNÁNDEZ ARAÚJO, IVÁN
FERNÁNDEZ FUSTES, Mª DOLORES
FERNÁNDEZ PINTELOS, MARÍA JOSÉ
FERRO SOTO, CARLOS
GARCÍA SEÑORÁN, Mª DEL MAR
GÓMEZ RODRÍGUEZ, ALMA MARÍA
GONZÁLEZ CERDEIRA, JULIA
GONZÁLEZ DOPAZO, LOIS
GUTIÉRREZ SÁNCHEZ, ÁGUEDA
IGLESIAS BLANCO, RAÚL
MANDADO VÁZQUEZ, ALFONSO
PAJARES DOMÍNGUEZ, SERGIO
PATIÑO CAMBEIRO, FAUSTINO
PATO RODRÍGUEZ, SANTIAGO EDUARDO
PÉREZ COTA, MANUEL
PÉREZ JUSTE, IGNACIO
RAMALLO FERNÁNDEZ, FERNANDO
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, ROSALÍA
SEOANE POSSE, ELENA
SIEIRO VÁZQUEZ, CARMEN

3.- O reitor informa de que das eleccións que estaban previstas facer nos puntos 5, 6, 7 e 8 da orde do día, tan só hai que levar a cabo a elección dos representantes de:

- Comisión encargada da modificación dos Estatutos, sectores PDI-A e PAS
- Tribunal de Garantías, sector PDI-A e sector PDI-B
- Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Funcionario

Indica que pode comezar o proceso electoral dende o inicio da sesión do Claustro, de modo que todos os claustrais poden proceder a depositar o seu voto durante toda a sesión. Cando se chegue aos puntos relativos ás eleccións daranse 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaran o poidan facer.

1) Elección de representantes na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos:

- a. Sector PDI-A: Hai 7 postos. Só pode votar o profesorado do sector PDI-A (profesorado doutor con vinculación permanente). Poden votar como máximo a 5 candidatos ou candidatas. As papeletas son de cor azul.
- b. Sector PAS: Hai 2 postos. Só poderá votar o PAS claustral. Poden votar como máximo a 1 candidato ou candidata. As papeletas son de cor laranxa.

2) Elección de representantes no Tribunal de Garantías.

- a. Sector PDI-A Hai un posto vacante. Lémbrese que só poderá votar o profesorado do sector PDI-A, como máximo a 1 candidato ou candidata. As papeletas son de cor verde.
- b. Sector PDI-B. Hai 2 postos vacantes: So poderán votar o profesorado do sector PDI-B (resto de persoal docente e investigador). Poden votar como máximo a 1 candidato ou candidata. As papeletas son de cor amarelo.

Nos dous sectores hai que celebrar eleccións, xa que de acordo co artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos deben obter o respaldo do 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

4) Elección dun membro da Comisión de reclamacións a prazas do profesorado funcionario.

- a. Hai un posto vacante: Poden votar todos os membros do Claustro. As papeletas son de cor branco.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de novembro de 2014.

Axúntase á acta unha emenda ao punto 11 da orde do día.

Ademais, a profesora Mercedes García Bugarín solicita que se aclare que no apartado 3 do punto 11, en *Rogos e Preguntas*, a súa solicitude foi que se abriera a matrícula no mes de agosto para os alumnos que aproban a selectividade no mes de xuño.

Punto 2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Comeza o seu informe o reitor cun preámbulo no que inscribe o ano 2014, ano de remate dunha lexislatura e comezo dunha nova tralo proceso electoral en abril, no contexto de crise económica e da xestión da mesma realizada polos gobernos central e autonómico. Indica que os orzamentos que se presentan diante do Claustro nos seguintes puntos, enmárcanse no actual Plan de financiamento do SUG, é que moito do futuro da universidade vai estar marcado pola definición do vindeiro plan que se debaterá no próximo ano.

No eido do profesorado, destaca tamén a limitación que as leis e normas emanadas do Ministerio de Facenda imponen á política de persoal e a loita contra da taxa de reposición que se mantén, que aínda que non conseguiu a súa supresión, si moveuse para o ano 2015 do 10% ao 50%. Explica que na Uvigo priorízase a retención de talento, polo que ademais de seguir a promover cambios lexislativos que permitan a consolidación dos nosos investigadores, deseñouse un programa que permitirá darlle unha saída contractual aos investigadores Ramón y Cajal e Parga Pondal, que será presentado e debatido cos sindicatos, proximamente, á espera da autorización por parte da Xunta de Galicia. Informa de que seguirase a loitar pola consideración da taxa de reposición dinámica, que permitiría desbloquear as promocións de titulares acreditados a catedráticos. Prosegue indicando que, trala negociación levada a cabo na mesa sindical, acordouse no consello de goberno do mes de outubro a convocatoria de dúas prazas de TU, correspondentes á taxa de reposición. A Xunta de Galicia, en cumprimento da lei de orzamentos do estado non autorizou ningunha praza fixa de PDI laboral. Despois de varios meses de negociación coas consellerías de facenda e educación conseguimos a contratación temporal de todas as persoas do PDI con dereito a solicitar prazas estables e que remataban contrato no ano 2014. Informa tamén de que a actual taxa de reposición do 50%, permitirá convocar en torno a 8 prazas de profesorado estable no ano 2015.

Continúa o reitor informando acerca da organización académica coa situación das titulacións da UVigo, explicando que, tralo plan piloto de acreditación, rematado con resultado favorable nos últimos meses na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra, estase en proceso de acreditación de 22 títulos de grao e mestrado ao longo do curso 2014/15. Realizouse, como todos os anos o seguimento de todos os títulos da universidade. Prosegue a mellora da oferta en títulos de grao, máster e doutoramento, incorporando modalidades semipresenciais e aumentando a oferta de simultaneidades de estudo co obxectivo de facer máis atractiva esta oferta e adaptala ás demandas e necesidades das e dos estudantes. Así mesmo, no consello de goberno do mes de outubro aprobouse o regulamento da Escola Internacional de Doutoramento. Finaliza a información no campo da docencia, indicando que as cifras de matrícula do curso 14-15, supoñen unha ocupación aproximada do 95% das prazas, proseguindo a liña de estabilidade.

En relación ao o ámbito de Investigación e Transferencia, comeza informando do Programa de axudas á investigación da Universidade, convocatoria aprobada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2014, cun importe total orzamentado de 1.568.000 euros, no que se inclúen distintos tipos de axudas. Indica tamén que están publicadas as resolucións de todas as axudas, excepto a das axudas predoutorais que se realizará nos vindeiros días.

En canto á produción de investigación e produción de transferencia, expón que xa están resoltas as reclamacións e publicada a avaliación definitiva dos anos 2011-2012 e aprobados os criterios de avaliación do ano 2013 (CG 6 de xuño de 2014), estando a piques de publicarse a avaliación provisional. Tamén foi publicada e resolta a convocatoria de utilización de espazos no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI).

Prosegue o reitor cos resultados acadados na captación de recursos externos de I+D+i a través de proxectos (ata a data actual). Informando que nas convocatorias europeas se lograron 6 proxectos (4 de ámbito científico, 1 de tecnolóxico e 1 de xurídico social) por un importe total de 2.823.573 euros; nas convocatorias estatais acadáronse 18 proxectos (5 de ámbito científico, 7 de tecnolóxico, 1 de xurídico social e 5 de humanístico) por un importe total de 1.148.305 euros; e a nivel autonómico (inclúe proxectos emerxentes e axudas consolidación grupos) se lograron 40 axudas (11 de ámbito científico, 18 de tecnolóxico, 7 de xurídico social e 4 de humanístico) por un importe total de 5.337.000 euros. O que supón un total nos tres apartados de 9.308.879 euros.

En canto captación de recursos externos de I+D+i no apartado de Contratos e Informes (ata a data actual), dá conta dos 112 contratos acadados (15 de ámbito científico, 78 de tecnolóxico, 17 de xurídico social e 2 de humanístico) e 640 informes (145 de ámbito científico, 459 de tecnolóxico, 33 de xurídico social e 3 de humanístico), por un importe total dos dous apartados de 4.865.248 euros.

En relación aos resultados de captación de recursos no apartado de Infraestruturas Científico-Técnicas, explica que na Convocatoria 2013 de Axudas a Infraestruturas e Equipamento Científico Técnico do Plan Estatal de I+D+i 2013-2016, do MINECO, foron concedidos 7 proxectos, por un importe total de 4.132.637 euros, concretamente: Servidor de cálculo científico de altas prestacións; Equipamento para o CINBIO; Mellora do sistema de caracterización analítica en microscopía electrónica e perfilometría 3D (CACTI); Equipamento para caracterización de cristais de moléculas pequenas e de contaminantes (CACTI); Plataforma aérea LIDAR non tripulada; Ampliación de funcionalidades das infraestruturas científico tecnolóxicas de AtlantTIC; Equipamento diverso CACTI

Finaliza cos resultados de Captación de recursos externos de I+D+i no apartado de “Outros”, informando da concesión do proxecto de Accións de Dinamización de carácter internacional Europa Redes e Xestores, por un importe total de 152.000 euros na convocatoria 2014 do MINECO.

Resume o reitor que ata a data actual superáronse xa o 20 millóns de euros, aínda que os datos definitivos do ano teranse arredor do mes de marzo do 2015.

Continuando co seu informe, relata os aspectos máis importantes da actividade do Campus do Mar. Está moi avanzado o proceso de creación da personalidade xurídica deste Campus e continúa o proceso de internacionalización, coa incorporación á IAMRI (International Alliance of Marine-related Institutions), no proxecto World Harbour Programme, coordinado polo Sidney Institute Marine Science, así como accións bilaterais con Arxentina. En canto á investigación, proximamente publicarase a convocatoria do programa COFUND, que captará a 10 investigadores postdoc. En transferencia, están a desenvolverse accións bilaterais a través de foros onde se están a construír Proxectos cos sectores da Pesca, Acuicultura, En canto á docencia, o programa de doutoramento achégase a case 200 doutorandos incrementándose a presenza de estranxeiros, que superan o 40%.

Pasa o reitor a informar das actuacións relacionadas cos Vicerreitoría de Estudantes, comezando pola política de bolsas. Manifesta que, en liña coa sensibilidade da institución ás políticas transversais, non só se mantiveron as convocatorias de anos anteriores: comedor (cunha dotación superior á do ano pasado) e residencias, se non que se convocaron bolsas para causas sobrevidas, cuxa partida foi ampliada, para poder chegar a todos os estudantes que cumprían os requisitos. No 14-15 repetírase esta convocatoria.

En relación coa Área de Emprego e Emprendemento, destaca a creación dunha unidade de emprego e emprendemento, que ten como obxectivo fundamental facilitar o acceso ao mercado laboral das persoas tituladas na universidade de Vigo. Entre os servizos que prestou neste ano están a xestión de prácticas externas dos estudantes da Uvigo (case 3500 prácticas curriculares e mais de 1000 extracurriculares), a xestión das ofertas de emprego, a orientación laboral, a formación en competencias transversais para a

inserción laboral e o apoio, formación e asesoramento a proxectos emprendedores. Neste eido particular, salienta as iniciativas empresariais xurdidas das pre-incubadoras do programa INCUVI-Emprende, que foron galardoadas en distintas convocatorias externas.

Na Área de Linguas, destaca as medidas de avance na internacionalización, como a Posta en marcha do plan de internacionalización lingüística, cunha oferta de materias de grao en inglés en 6 centros no 2013-2014 que se ampliou a 10 no 2014-2015, así como a varios mestrados. Estes programas foron valorados moi positivamente, polos docentes e estudantes e contribuíron a ampliar os convenios con universidades estranxeiras de norteamérica e Asia en particular. Este área tamén levou a cabo a tradución ao inglés de todas as materias das titulacións de grao e posgrao, así como cursos complementarios, cursos de extensión universitaria, actividades deportivas, etc. permitindo emitir extracto do expediente en inglés a todos os estudantes que o necesiten. Subliña tamén a acreditación como centro examinador do TOEFL (único no noroeste peninsular) e a posta en marcha dunha proba ou modelo de acreditación do profesorado para a docencia en inglés, HELA, pioneira en España e Europa que espertou o interese de universidades tanto nacionais como europeas.

Finaliza o reitor a información sobre este ámbito destacando o desenvolvemento de instrucións co obxecto de dar solución a inxedanzas e problemas formulados polo estudando en relación coa normativa de permanencia e de compensación de grao.

Prosegue o informe do reitor cunha breve exposición dalgunhas actividades desenvolvidas dende as oficinas e servizos dependentes da Vicerreitoría de Economía e Planificación. Así, refire algunhas das obras realizadas en instalacións e infraestruturas, así como de varias actuacións da Oficina de Medio Ambiente (OMA), como o Estudo da Pegada de Carbono e Pegada Ecolóxica da UVigo, a elaboración de informes de certificación enerxética dos edificios, o control e estudo de consumos. Continuouse co seguimento do sistema de xestión ambiental e as recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e servizos, iniciándose a recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs). Tamén destaca a colaboración na elaboración dos plans de prevención e sinalización dos centros e elaboración de campañas de prevención de riscos laborais e ambientais. Menciona tamén o reitor diversas actividades realizadas dende esta oficina no eido da sensibilización e formación.

En relación á Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC), salienta a mellora da seguridade da rede, a instalación de novas salas Access Grid, a actualización de diversos servidores, a instalación do Módulo de Xescampus para xestionar os doutoramentos que se axustan ao RD 99/2011 e a versión 3.0 dos módulos de SUXI: SUXI-XC e SUXI-CI, desenvolvemento de novas aplicacións e funcionalidades (Módulo da secretaría virtual para, a xestión de contratos con empresas e prácticas extracurriculares, aplicación de xestión do Servizo de Deportes e da comunicación de avisos). Por último, fai referencia á colaboración co CIXUG na definición, desenvolvemento, proba e avaliación de aplicacións de xestión compartidas entre as Universidades galegas.

Canto a Biblioteca, destaca a apertura de bibliotecas nos períodos de avaliación, con reforzos nas fins de semana no campus de Vigo (Lagoas-Marcosende) na Biblioteca Central. Desenvolveuse una auditoría interna do seu sistema de xestión ISO 9001, con resultado satisfactorio. Realizáronse tamén as auditorías externa e interna para o mantemento da certificación do sistema de xestión ambiental ISO 14001 implantado nas tres bibliotecas centrais (campus de Ourense, Pontevedra e Vigo).

No eido da cooperación co resto de bibliotecas universitarias españolas, a Biblioteca Universitaria participa no grupo de traballo da Liña Estratéxica 1 do III Plan Estratéxico de REBIUN xunto coas bibliotecas das universidades de Almería, Barcelona, Cádiz, Granada, Pablo Olavide de Sevilla, Politécnica de Valencia, Extremadura, Miguel Hernández de Elche, Complutense de Madrid e do Instituto de Empresa. Neste grupo a Biblioteca da Universidade de Vigo foi encargada da elaboración dunha proposta de orientacións para a formación de usuarios en materia de sostibilidade bibliotecaria a presentada na asemblea de REBIUN que tivo lugar en Madrid. Do mesmo xeito, elaborou e presentou xunto coa biblioteca da Universidade de Barcelona o póster “The academic libraries & the social responsibility challenge” no IFLA World Library and Information Congress celebrado en Lyon en agosto

de 2014. Dentro da súa participación no Consorcio Bugalicia, forma parte do grupo de traballo SubjectsPlus dirixido á posta en marcha dun localizador de recursos electrónicos.

Procede o reitor a informar das actividades máis salientables realizadas na Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, comezando polas actuacións encamiñadas á achegar á Universidade á contorna e que culminarán coa posta en marcha da futura sé na Ribeira do Berbés.

Destaca o terceiro posto acadado pola Uvigo dentro das universidades españolas en canto a percepción dos estudantes internacionais, acadando a cualificación de “Excelente” de xeito global e nomeadamente nos eidos Académico, Servizos e Instalacións, Perspectivas Profesionais e Aspectos Prácticos, entre outros. (Study Portals International Student Satisfaction Awards 2014). Informa da posta en marcha do programa Iacobus de mobilidade na eurorrexión, no que participan as 3 universidades galegas e 8 universidades e institutos politécnicos do norte de Portugal, sendo a Universidade de Vigo a principal beneficiaria con 30 investigadores e investigadoras, docentes e PAS da institución viguesa que desfrutaron unha estada en Portugal e 21 portugueses e portuguesas en Vigo, con un total de 51 mobilidades das 118 totais en todo o programa. Este permitiu tender unha ponte entre o Campus do Mar e o proxecto luso Oceanus, e estender o marco de colaboración co Campus do Auga.

Creouse a Rede Galega de Cooperación Universitaria ó Desenvolvemento, nunha iniciativa conxunta das tres universidades do SUG (financiada pola Xunta de Galicia). Como primeiras actividades desta Rede, desenvolveéronse o derradeiro mes de Novembro dous cursos de preparación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento dirixidos a PDI e PAS, e comezouse a traballar nun Observatorio Universitario de Cooperación ao Desenvolvemento, que a principios do ano que entra recollerá todas as capacidades e recursos que teñen as Universidades do SUG neste eido.

A Universidade de Vigo vai consolidando o seu recoñecemento internacional. Ademais de mellorar a súa puntuación nesta dimensión no ránking The Thomson Reuters (de 26 a 28 puntos), a nosa universidade foi invitada con outras 5 universidades españolas a unha misión de promoción da Unión Europea en Vietnam, e xunto con outras 5 universidades españolas a un evento promocional de alcance mundial en Perú. Do mesmo xeito que anteriormente Brasil ou Ecuador, Perú está a facer unha aposta decidida para financiar os estudos universitarios dos seus rapaces e rapazas mellor capacitados nas universidades máis prestixiosas do mundo.

Prosegue informando da sinatura dun acordo estratéxico co Instituto Politécnico de Porto para desenvolver programas conxuntos de doutoramento e de investigación e intercambio de estudantes e profesorado cos 37 Institutos Politécnicos brasileiros. Neste proxecto participan, ademais da Universidade de Vigo, as Universidades de Santiago de Compostela e Salamanca. Tamén asinou un novo proxecto de mobilidade internacional Erasmus Mundus por valor de preto de 3 millóns. Este proxecto denominado GreenTech se ven a sumar ó proxecto GreenIT de mobilidade co Magreb, e tamén está centrado nas tecnoloxías verdes. Diríxese ós países dos balcáns occidentais (Albania, Bosnia e Herzegovina, Kósovo, Montenegro e Serbia), e a Universidade de Vigo xestionará un total de 153 bolsas de mobilidade (28 para os europeos e 125 para os Balcáns occidentais) entre universidades destes países e universidades europeas. A Universidade de Vigo consolídase como un referente en Europa no eido da mobilidade extracomunitaria.

A Universidade de Vigo ven de adherirse á Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET), rede na que participan unicamente as Universidades de Salamanca, Huelva e Vigo no lado español, e UTAD e Aveiro pola parte portuguesa. Esta rede ten como obxectivo promover a cooperación transfronteiriza de segunda xeración ou cooperación de proximidade, con ademais interlocución directa cos gobernos portugués e español. Esta iniciativa reforza o papel da Universidade de Vigo na política da eurorrexión, papel xa relevante co desenvolvemento da CRUSOE e a RESOE.

En canto a actividades da Unidade de Igualdade foron expostas polo miúdo no anterior Claustro. Ao respecto da normalización lingüística, impartíronse 15 cursos con 496 persoas inscritas (141 mais que o ano pasado). Nas axudas a investigación en lingua galega, incrementouse o número de axudas e tamén o de solicitantes: recibiron en total 141 persoas axuda para a redacción en galego de teses, traballos fin de

carreira e mestrados. Presentáronse 50 traballos na convocatoria dos Premios de Poesía, relato curto e tradución literaria. Na celebración do día das letras galegas contamos coa participación dos investigadores da agrupación aeroespacial que emitiron textos en galego o espazo para todo o planeta. Así como diversas colaboracións no seo da comisión interuniversitaria de política lingüística entre outros.

No relativo ás actividades específicas no Campus de Ourense, informa o reitor das principais actividades deportivas e culturais, así como dos cursos e obradoiros de extensión desenvolvidos. Ademais de lembrar os principais convenios e convocatorias de bolsas realizados, destaca a convocatoria de axudas InOu (Investigación aplicada na provincia de Ourense por importe de 50.000 Euros, das que se concederon 11 axudas a proxectos de investigación e a Convocatoria premios INCUVI-Emprende no Campus de Ourense, concedéndose unha bolsa para o proxecto “Trendon.me”, plataforma online para o mundo da moda que, ademais deste premio acadou outros galardóns: Proxecto seleccionado para Galicia Open Future 2014; Proxecto subvencionado polo programa Galicia Emprende, Feder Galicia 2007-2013; Proxecto gañador de Startups Pirates Galicia 2014; Proxecto finalista de Talentum Startups Telefonica 2013.

Outrosí informa das principais actividades desenvolvidas no marco do Campus da Auga, principiando pola constitución do Comité de dirección, o día 28 de maio de 2014. Destaca as actuacións na liña de internacionalización, como o encontros e reunións realizados no eixo Inter-Rexional UTAD-IPP-UVIGO ou a presenza na (Feira Internacional de Turismo Termal (Termalia) celebrada en outubro en Arxentina. En canto ao desenvolvemento do plan de acción que concreta o plan estratéxico do campus da auga, subliña fundamentalmente a creación do programa de doutoramento do Campus da Auga, a creación e desenvolvemento dos clústers de I+D que desenvolverán proxectos de investigación para concorrer a convocatorias competitivas, e a creación e posta en funcionamento dunha unidade de Transferencia de tecnoloxía e Coñecemento, xunto coa Confederación de Empresarios de Ourense.

Na presentación da memoria de actividades do Campus de Pontevedra, salienta a consolidación do traballo do Comité Científico Técnico do Campus CREA que se dissolveu na súa derradeira xuntanza do 11 de novembro para dar paso á Comisión de Dirección Técnica do Campus CREA que se reunirá o 11 de decembro para traballar sobre o documento borrador preparatorio do plan estratéxico.

En segundo lugar, destaca a polo Green Campus que, a través das diversas accións desenvolvidas (préstamos de bicicletas intercampus, o proxecto pavillón verde, plantación de árbores), a colaboración co Concello de Pontevedra no proxecto “Constrúe en verde” e iniciativas de aforro e eficiencia enerxética e sustentabilidade, constitúen o aceno de identidade do Campus de Pontevedra e que concretaranse na candidatura á bandeira verde do Green Campus, especialmente no relativo á accesibilidade, aforro e eficiencia enerxética, a seguinte fase de humanización e en xeral obras como a mellora do sistema de subministro de augas.

En relación coas actividades deportivas destaca a celebración da Gala do Deporte así como o maratón solidario de zumba, para recadar alimentos para o comedor de San Francisco. No eido cultural son moitas as exposicións e actos celebrados, destacando a repercusión adquirida pola Sala X, a posta en marcha do coro universitario do Campus de Pontevedra e a Aula de Teatro e, como novidade, a convocatoria dunha bolsa de difusión cultural para a creación e mantemento de redes sociais así como apoio en tarefas de deseño e divulgación.

Finalmente, destaca o reitor, o traballo que se está a desenvolver xunto coa Vicerreitoría de Estudantes e a Vicerreitoría do Campus de Ourense en novas propostas para chegar aos estudantes de bacharelato a través de accións específicas.

Na parte final do seu informe, o reitor sinala, que tal e como se acordou no anterior Claustro, os plenos faranse de xeito rotatorio nos tres Campus. Polo que o seguinte Claustro terá como lugar de celebración o Campus de Ourense.

O respecto do estudo da viabilidade xurídica e académica das suspensión cautelar dalgúns artigos da normativa de permanencia. Iniciouse unha revisión da situación nas universidades españolas. Estase contactando coas asesorías xurídicas daquelas universidades nas que se orixinou o mesmo problema. A

partir de aí emitirase un informe. Tamén a efectos da seguridade académica consultarase o efecto desta medida diante das axencias de calidade, sobre os procesos de acreditación dos nosos títulos.

Punto 3. Informe sobre a planificación plurianual.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

Comeza a súa exposición o vicerreitor facendo referencia á lexislación que está a condicionar as posibilidades de actuación das universidades públicas. A continuación analiza a evolución do financiamento do Sistema Universitario Galego (SUG) dende o ano 2005 ata a actualidade; subliñando os importantes incrementos dos cinco primeiros anos, para a partir de 2009, sufrir sucesivas diminucións. En 2009 acadáronse os 419 millóns de euros, non superando en 2014 os 374 millóns de euros.

Analizando as achegas recibidas pola Universidade de Vigo para o mesmo período, verifícase como a baixada de achegas da Xunta de Galicia ao SUG dende o 2009 ao 2014, no caso da Universidade de Vigo foi matizada polo desenvolvemento do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, no que a Universidade de Vigo conseguiu mellorar a súa participación no financiamento por mor da aplicación de criterios non históricos, de reparto de fondos en función de criterios competitivos e obxectivos, que atenden aos resultados acadados nos diferentes eidos valorados. Se o decrecemento entre 2009 e 2013 foi para o SUG do 11,41%, para a Universidade de Vigo foi do 8,20%.

Explica de seguido, a evolución da situación financeira da Universidade de Vigo, dende 2010 ata 2014, período no que se pasou dunha situación de déficit nos exercicios de 2010 e 2011 (-8,5 millóns de euros e -2,3 millóns de euros, respectivamente) a pechar con superávit os exercicios de 2012 e 2013 (2,05 millóns de euros e 11,3 millóns de euros, respectivamente). Matiza que o extraordinario resultado de 2013 ven provocado en gran parte polo proxecto Táctica, que se ingresou nos últimos días do ano, sen posibilidade de executar practicamente nada nese exercicio.

Comenta polo miúdo, de seguido, as liñas de actuación que o equipo de goberno pensa desenvolver no período 2015-2018, definindo obxectivos que nos insiran no Horizonte da Europa 2020 e na intensificación das relacións da Universidade de Vigo coas institucións e axentes sociais, económicos e culturais da súa contorna.

No período que abrangue esta planificación plurianual (**Anexo I**) estará vixente o novo plan de financiamento que a longo de 2015 as tres universidades do SUG deberán negociar coa Xunta de Galicia. A posición da Universidade de Vigo, neste proceso de negociación do novo plan, centrarase nos seguintes criterios:

- Incremento e vinculación dos fondos totais destinados por parte da Xunta de Galicia ao SUG con indicadores de crecemento obxectivos, tales como a taxa de crecemento dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia ou a taxa de crecemento do orzamento da Xunta de Galicia.
- Mantemento dunha lóxica plurianual, coincidente co Horizonte 2020 da Unión Europea.
- Aposta decidida por un incremento do reparto en función dos resultados.
- Aposta por un reparto da financiación estrutural en base a criterios obxectivos.
- Emprego de indicadores obxectivos, públicos, contrastables, que non dependan da fonte consultada.
- Creación dun fondo específico para o financiamento dos sexenios e outros complementos de mérito, desligado do financiamento estrutural.

Se se conseguen alcanzar acordos que vaian na liña do mencionado nestes puntos, a Universidade de Vigo estará en posición de acadar maiores niveis de financiamento, orientando as súas estratexias e decisións, cara a un proceso de mellora continua que potencie a consecución dos obxectivos presentados. Debemos asumir que o financiamento por obxectivos debера facilitar mellores resultados do conxunto do SUG,

como é desexable socialmente, polo que a participación no reparto de fondos esixirá a toda a comunidade universitaria un maior desempeño nas súas responsabilidades.

Finaliza a exposición expoñendo tres escenarios de futuro alternativos para a evolución financeira da Universidade de Vigo no período 2015-2018. Un primeiro que define coma pesimista, no que persiste a situación económica actual. Un segundo escenario que cualifica coma lenta recuperación, no que se produce un aumento dos ingresos lento mais crecente, do 1% ao 2% de crecemento anual no período considerado. Un terceiro escenario que denomina de crecemento, no que a partir de 2016 o aumento medra a partir dun 3% en 2016 ata un 4% en 2018, en taxas crecentes. En calquera desas situación alternativas o obxectivo é que a Universidade de Vigo manteña a suficiencia financeira incrementando os niveis de gasto de acordo coas posibilidades orzamentarias futuras.

Finalizada a súa exposición, o reitor abre unha rolda de intervencións.

O alumno Miguel Diéguez pregunta sobre como vai ser a adaptación da demanda académica á demanda social, e se esta vai ser medida en termos de rendibilidade económica, ou ben a través de resultados académicos ou da calidade docente.

Contéstalle o vicerreitor de Economía que as medidas serán de reorganización da oferta de títulos propios, sobre todo a oferta de posgrao, dependendo da demanda social, pero non sómente como as necesidades do tecido económico, aínda que esta última tamén ten que contar. Tamén salienta a necesidade de mellorar a empregabilidade dos egresados da Uvigo. O reitor resalta que se terá en conta a calidade dos resultados.

O profesor Joaquín Reigosa apunta que considera que o documento presentado é bo, moi traballado e clarificador. A súa visión é que, ata agora, a Uvigo está a facelo ben na calidade da investigación, docencia ou transferencia, como se reflicte nos distintos indicadores; como, por exemplo, que a nosa universidade aparece no ránking de Shangai. Non obstante, apunta que a comunidade universitaria está a sufrir as políticas xerais, e que neste contexto actual vai ser difícil subir, ou incluso manterse, polo problema que existe para captar novos talentos para renovar o cadro de persoal. Propón tomar novas accións, sobre todo na retención e na captación de talento, e que terán o seu apoio nas negociacións do novo plan de financiamento universitario. Así mesmo, critica o ton de certa autocomplacencia e continuísmo.

O vicerreitor de Economía agradece as súas palabras, pero non está de acordo coa autocomplacencia e o continuísmo, xa que o actual goberno da universidade formulou un plan a 8 anos: un dos cuxos eixos principais é a retención e captación de talento, para o que se está a negociar tanto co goberno autonómico como co goberno central, para que, por exemplo, as persoas que gañen o plan de promoción sexan consideradas como persoal da UVigo, ou que se modifique a taxa de reposición. Tamén agradece a oferta de apoiar a negociación do próximo plan de financiamento universitario. O reitor tamén agradece o apoio á dita negociación resaltando que esta universidade é a que máis sofre a fuga de talentos e o impedimento de captar novos talentos, e que seguen pelexando por unha na taxa de reposición dinámica e un novo programa de captación de talento ao marxe da carreira funcional.

Punto 4. Informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria-2015.

Cede a palabra o reitor novamente ao vicerreitor de Economía e Planificación, para realizar unha breve presentación dos orzamentos, perfilando as liñas orzamentarias básicas que se propoñen. Inicia dita presentación cun primeiro apartado no que lembra novamente o escenario no que se enmarcan os orzamentos, no que inclúe os condicionantes económicos e legais, coa previsión de ingresos do SUG para 2015; destacando os principais factores que o condicionan en primeiro lugar, o efecto da consolidación fiscal sobre as contas públicas no Estado e na Comunidade Autónoma e, en consecuencia, sobre a cantidade global da das transferencias á Universidade de Vigo.

Subliña o vicerreitor que as condicións na Uvigo (inexistencia de débeda bancaria, o equilibrio orzamentario dende 2012, a eficiencia no gasto, o emprego do seu remanente de tesourería para financiar os pagamentos derivados dos gastos e a súa capacidade para facer fronte aos pagamentos nos prazos previstos) fan que a nosa situación sexa a mellor do SUG. Comenta que no ano 2012 o obxectivo fundamental foi a recuperación e que o superávit no 2013 é extraordinario, debido á sinatura do proxecto Táctica nos últimos días do ano, feito que produciu un importante aumento dos ingresos, sen que puideran ser gastados. Como consecuencia, nos anos 14 e 15, produciranse os gastos derivados, sen os correspondentes ingresos, polo que poderán pecharse con déficit. Esa non anualización dos ingresos pero si dos gastos, induce un desequilibrio.

En canto a estruturación das achegas do Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego, o 85% corresponde ao Financiamento Estrutural, do cal o 80% corresponde a criterios históricos, distribución coa que a Uvigo está en desacordo. Destaca o carácter positivo da aplicación crecente de criterios obxectivos para o financiamento público das universidades galegas fronte a criterios históricos, tendencia que facilita que, dentro das contías a reparto no SUG, a Universidade de Vigo reciba unha porcentaxe crecente do financiamento.

O vicerreitor explica o lixeiro descenso na captación de fondos da UVigo, debido a que o criterio de calidade da docencia foi revisado pola Xunta de Galicia, xa que a aplicación do criterio inicialmente pactado beneficiaba especialmente á Uvigo, o que conduciu a resultados pouco equilibrados entre as universidades do SUG; así, os 2 millóns iniciais redúcense a medio millón.

Destaca a evolución dos orzamentos de ingresos, cun incremento dun 3,5% con respecto do exercicio anterior, manténdose aproximadamente o 10% de ingresos por taxas e o 70% de transferencias correntes, procedentes da achega da Xunta. Nos capítulos de variación de activos financeiros, menciona o incremento derivado dos proxectos Táctica, Campus do Mar e Erasmus Mundus e o de transferencias de capital, por mor das convocatorias de equipamento científico.

En cando ao orzamento de gastos, remarca a situación de equilibrio e de continuación na gradual melloría en relación aos exercicios precedentes, xa que o importe final do orzamento de gastos é igual ao do orzamento de ingresos. A continuación, realiza unha presentación por capítulos, destacando a rigorosa limitación no Capítulo I, Gastos de persoal, que continúa a ser a principal partida de gasto, cun 53,99% do total do orzamento. Neste ano o orzamento é idéntico o do ano anterior, xa que estamos no límite de masa salarial que o anteproxecto de orzamentos de Galicia consigna para a Universidade de Vigo. Esta limitación está a causar problemas, xa que o noso cadro de persoal evoluciona en dirección contraria a de outras universitarias. Isto é unha eiva para a realización efectiva da política de persoal, polo que debemos que intentar optimizar determinados tipos de contratación, para intentar manter os aspectos derivados do crecemento vexetativo (complementos, sexenios etc.).

Tamén referiuse o vicerreitor ao aumento dun 11% nos gastos correntes, xa que aínda que o custo dos servizos ordinarios para o funcionamento da institución continúa diminuíndo, este incremento está derivado do carácter finalista de moitos dos fondos acadados, particularmente do proxecto Táctica e do proxecto Campus do Mar, que se executarán durante o exercicio 2015. Así mesmo, comenta o descenso de case un 10% nas transferencias correntes, derivado do cambio de política do Ministerio de Educación en relación coas bolsas Erasmus e predoutorias.

Explica que non hai demasiados cambios na evolución do Gasto por Programas en relación co ano anterior, salvo a importante diminución no apartado de Docencia. Isto se debe a que para o ano 2015 decidiuse a centralización das subministracións (auga, luz, gas e gasóleo) dende os centros aos programas de servizos xerais de cada campus, polo que esa diminución non ten que ver co que se dedica realmente á docencia. Esta cuestión está directamente relacionada co incremento nun 19,32% dos gastos no programa de Dotación e Mantemento Infraestruturas.

Finaliza o vicerreitor súa exposición, indicando que no documento que se achega (**Anexo II**) se pode analizar con detalle o orzamento asignado a cada unha das liñas básicas de actuación que se propoñen, e que están orientadas á posta en marcha dos obxectivos da planificación plurianual previamente aprobada.

O alumno Luis González pregunta por que no documento non se contempla a Normativa do Traballo de Fin de Grao. Tamén expón que xa que como se vai construír un novo edificio no Campus de Ourense para o Campus da Auga, se non se podería reordenar a contorna e resolver os problemas que ten a residencia universitaria, que nestes momentos encóntrase pechada por problemas de licencias. Ademais, pregunta se non se pode articular un plan a longo prazo para mantemento de edificios, que dende o seu punto de vista encóntranse en estado precario, sobre todo no Campus de Ourense.

O vicerreitor de Economía contesta que xa existe dito plan de mantemento, pero que debido a limitacións orzamentarias non é tan ambicioso como debería, e hai que optimizar recursos. Pon como exemplo que para o 2015 no Campus de Ourense investiranse 2,5 millóns de euros, no Campus de Vigo 4 e no Campus de Pontevedra 1,5 en mantemento de edificios. En relación aos problemas coa residencia universitaria, apunta a que a solución non é fácil, xa que é un contencioso que mantén o Concello coa empresa construtora.

Á pregunta sobre a Normativa do Traballo de Fin de Grao, contesta a vicerreitora Ana Graña apuntando que non aparece neste documento porque o que se presentou son as liñas xerais de política orzamentaria e non de normativas.

A profesora Ana Pita salienta os problemas específicos que ten a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para captar e reter talento, e que debería deseñarse un plan específico para ese ámbito. Ademais, formula a carencia que nestes momentos teñen os decanatos de PAS, que os leva a asumir moito traballo administrativo sobre todo coa implantación dos novos graos e másteres. Tamén se sorprende de que ela como decana da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo non recibira ningunha noticia sobre a centralización dos gastos de electricidade e gasoil no 2015, que antes eran asumidos polos centros, e con este cambio a Facultade sufriu unha notable diminución do seu orzamento para 2015. Salienta que esta diminución prexudica á Facultade, xa que nos últimos 4 anos co diñeiro aforrado co gasto racional de electricidade e gasoil, incrementáronse os fondos bibliográficos, sobre todo de manuais e libros de consulta en dita Facultade. Tamén pregunta, por que se toman como referencia os gastos de consumo de 2013, en vez dos de 2014.

O vicerreitor de Economía responde que o Equipo de Goberno é totalmente consciente da necesidade de novo PAS para reforzar o traballo na xestión da calidade, dos másteres e posgraos, e que para elo vaise negociar una nova RPT. Tamén salienta que o Equipo de Goberno é consciente das diferencias entre ámbitos de coñecemento nas políticas de captación e retención de talento. Aclara que no mes de xullo, fíxose unha ronda de entrevistas cos decanatos, aos que se lles explicou a posibilidade de centralizar os gastos en gasoil e electricidade, e que a resposta maioritaria a esta medida foi positiva. Tamén resalta que se utilizaron os datos de 2013 por un acordo entre a Xerencia e os administradores de centro por considerar os datos máis reais.

A profesora Ana Pita volve a subliñar que nos orzamentos a súa Facultade resulta claramente prexudicada e solicita unha rectificación. Ademais, quéixase de que a administradora do seu centro tome unha decisión sen consultar co decanato.

O reitor sinala a necesidade de captar talento no ámbito xurídico e que se está a traballar nun plan global de retención primeiro e de captación despois, pero que no contexto legislativo actual resulta moi difícil que as accións que se propoñen sexan autorizadas pola Xunta. De tódolos xeitos, en xaneiro e febreiro faranse reunións nos diferentes ámbitos para a elaboración de dito plan, no que se incluírá unha perspectiva de desenvolvemento da carreira profesional a longo prazo.

O profesor Joaquín Reigosa pregunta se se ten datos comparativos do que dedica cada unha das universidades do SUG a recursos humanos. O vicerreitor contesta que non os ten nestes momentos, pero que a UVigo está por debaixo da USC e lixeiramente por enriba da UDC. Non obstante, a previsión para a USC é que descenda debido ao decreto da taxa de reposición, xa que non se cubrirían todas as xubilacións.

O profesor Rodríguez Gallardo salienta que na presentación todas son boas novas. Non lle parece apropiado que a transparencia das universidades se mida a través da información publicada nas súas webs e que o utilice como dato positivo. Tamén insta a opoñer resistencia á lexislación governamental e incrementar o ton de protesta, non só como universidade senón como CRUE. Esta lexislación trouxo consigo grupos masificados, elevou a carga docente do profesorado, incrementou a burocracia e fixo que a actividade investigadora sexa interminable. Tamén considera que os salarios de PDI e PAS son inadecuados.

O vicerreitor contesta que trouxo ao Claustro a posición da UVigo no ranking da transparencia porque no informe anterior a UVigo non se encontraba tan ben situada e que houbo un debate e críticas ante esta situación e que nese momento non se cuestionou si era ou non un bo sistema de catalogación. Como a situación da UVigo cambiou quixo comunicalo a comunidade universitaria. Tamén sinala que os datos económicos son bos e que non é por un falso triunfalismo. Así mesmo, comenta que as posibilidades de resistencia dentro da legalidade vixente son limitadas, pero que sempre se intentará insistir en todos os foros.

O reitor aclara que, como membro da CRUE, é moi crítico coa velocidade e actitude das protestas desta institución; que debería contestarse antes e con máis contundencia como ocorre en Galicia, onde estas protestas foron efectivas, de xeito que aquí os recortes foron do 7%, mentres no resto do Estado supuxeron o 14%. En Galicia conxeláronse as taxas universitarias. De todos os xeitos, o equipo de goberno intentará visibilizar mellor esta oposición.

A profesora Adela Sánchez ve na modificación dos Estatutos da Universidade unha oportunidade para incrementar a transparencia. Opina que o informe do vicerreitor foi moi pouco concreto, expoñendo sómente liñas de actuación moi xerais. Tamén apunta que lle chama a atención que debido a taxa de reposición a Universidade non estea a aforrar en persoal. Así mesmo, critica que os gastos financeiros da Universidade se multipliquen debido, fundamentalmente, á devolución do préstamo do Campus do Mar. Tamén pregunta se incrementou o orzamento en calidade docente, sobre todo pola saturación administrativa que supuxo a implantación dos plans de calidade nos centros. Tampouco se especifican as inversións que se dedicarán no 2015 aos novos edificios. Finalmente, subliña a falta de autocrítica, tanto no informe do vicerreitor de Economía e do reitor; considera que o Equipo de Goberno tamén é responsable das políticas de recortes. Pon como exemplo a aplicación do decreto Wert na UVigo para conseguir a autorización de novas prazas mentres que este decreto non foi aplicado nas outras dúas universidades, as que finalmente tamén conseguiron a autorización para a convocatoria de prazas.

O vicerreitor concorda en que a modificación dos Estatutos axudará a incrementar a transparencia. Aclarara que o que se presenta ao Claustro son as liñas básicas de actuación e non os orzamentos detallados, que son debatidos no Consello de Goberno e non no Claustro. Tamén reitera que a Universidade non ten débeda bancaria, senón que moitas axudas institucionais xa non son subvencións, senón que son préstamos que hai que devolver.

Punto 5. Elección de representantes na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

Sector PDI-A:

- D. Jorge Bravo Bernárdez
- D. Roberto Bustillo Bolado
- Dna. Edita de Lorenzo Rodríguez
- D. Luis Domínguez Castro
- Dna. Silvia García González
- D. Óscar López Sánchez
- D. Joaquín Reigosa Roger
- Dna. María Vera Isasa

Cada candidato obtivo o seguinte nº de votos:

- D. Jorge Bravo Bernárdez: 24
- D. Roberto Bustillo Bolado: 26
- Dna. Edita de Lorenzo Rodríguez: 35
- D. Luis Domínguez Castro: 24
- Dna. Silvia García González: 19
- D. Óscar López Sánchez: 29
- D. Joaquín Reigosa Roger: 34
- Dna. María Vera Isasa: 10

Polo tanto formarán parte da Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos:

- D. Jorge Bravo Bernárdez
- D. Roberto Bustillo Bolado
- Dna. Edita de Lorenzo Rodríguez
- D. Luis Domínguez Castro
- Dna. Silvia García González
- D. Óscar López Sánchez
- D. Joaquín Reigosa Roger

Sector PDI-B:

Presentáronse tantas candidaturas como postos a cubrir, polo que formarán parte da Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos, polo sector PDI-B:

- D. Higinio González Jorge
- D. Pedro González Santamaría

Sector Estudiantes:

Presentáronse tantas candidaturas como postos a cubrir, polo que formarán parte da Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos, polo sector Estudiantes:

- D. José Miguel Diéguez Rodríguez
- D. Hadrián Fernández Alvarado
- D. Brais Fortes Novoa
- D. Luis González Varela

Sector PAS:

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- D. Xoán M. Cebro Rodríguez
- D. Sergio Pajares Domínguez
- D. Luís Pérez Gómez

Emitíronse 15 votos, un en branco. Os votos obtidos por cada candidato foron:

- D. Xoán M. Cebro Rodríguez: 1
- D. Sergio Pajares Domínguez: 6
- D. Luís Pérez Gómez: 6

Formarán parte da Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos, polo sector PAS:

- D. Sergio Pajares Domínguez
- D. Luís Pérez Gómez

Punto 6. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

- a. Sector PDI-A: 1
- b. Sector PDI-B: 2

Asistiron 69 membros do sector PDI-A, polo que 46 é o equivalente aos 2/3 dos votos necesarios para saír elixido/a.

Pertencentes ao sector PDI-B, asistiron 10 membro, polo que 7 é o equivalente aos 2/3 dos votos necesarios para saír elixido/a.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

Sector PDI-A:

- Dna. J. Lucy Amigo Dobaño
- D. Juan José Santamaría Conde

Votos emitidos 47, en branco 20. Os votos obtidos por cada candidato foron:

- Dna. J. Lucy Amigo Dobaño: 19
- D. Juan José Santamaría Conde: 8

Hai que ter en conta que para formar parte do Tribunal de Garantías requírense 2/3 dos votos do sector correspondente. Os votos esixidos son 46, polo que non foi elixida ningunha candidatura.

Sector PDI-B:

- D. Óscar Ferreiro Vázquez
- Dna. Rosa María Ricoy Casas

Emitidos 8 votos, 2 nulos. Os votos obtidos por cada candidato foron:

- D. Óscar Ferreiro Vázquez: 0
- Dna. Rosa María Ricoy Casas: 6

Hai que ter en conta que para formar parte do Tribunal de Garantías se requiren 2/3 dos votos do sector. Os votos esixidos son 7, polo que non foi elixida ningunha candidatura.

Punto 7. Elección do seguintes representantes na Comisión Electoral:

- a. Sector Estudiantes: 1

Non se presentaron candidaturas, polo que queda vacante o posto.

Punto 8. Elección dun membro da Comisión de reclamacións a prazas do profesorado funcionario: 1 vacante.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- D. José Enrique Ares Gómez
- Dna. Almudena Fernández Brieria

Votaron 48; 2 en branco e 7 nulos:

- D. José Enrique Ares Gómez: 7
- Dna. Almudena Fernández Brieria: 39

Saíu elixida: Dna. Almudena Fernández Brieria

Punto 9. Rogos e preguntas.

A Sra. Rita Velasco, como representante do PAS laboral, roga que se inicie o proceso de funcionarización do seu colectivo.

O reitor contesta que intentará que se cumpra o rogo e que se inicie en xaneiro.

O alumno Luis González pregunta se se ten algunha noticia sobre o decreto 3+2 que está a formular no ministerio. O reitor contesta que no hai novidades dende as alegacións presentadas pola CRUE en setembro.

O Sr. Federico Fernández roga que nas negociacións do PAS laboral no 2015 se teñan en conta as sentenzas que están a ser favorables en canto á remuneración económica.

O profesor Legido pregunta por un escrito entregado hai un ano: preguntando sobre o reparto de espazos no Edificio de Ciencias Experimentais, xa que o Departamento de Física Aplicada continúa sen ter espazo nin para impartir docencia nin para levar a cabo os proxectos de investigación. O reitor contesta que se interesará pola situación e que, aínda que os espazos son competencia das facultades, intentará que isto cambie nos novos Estatutos.

O profesor Rodríguez Gallardo roga que a Mesa do Claustro tome medidas contra os claustrais que utilizan as contas institucionais, como a do Claustro, de forma indebida. Abonda na idea de que o tema dos espazos ten que ser abordado nos novos Estatutos da Universidade. Tamén roga que se lle informe sobre o funcionamento da Comisión de Reclamacións: que se fagan públicos os CV's das comisións de selección e que se traslade a dita comisión a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 198/2014, que obriga a cumprir un baremo eliminando o carácter potestativo da arbitrariedade técnica. Tamén roga que todas as comisións xulgadoras de prazas utilicen os mesmos baremos. Finalmente,

pregunta sobre o custo que está a soportar a UVigo en gastos xurídicos pola mala praxe administrativa e académica.

O reitor contesta que xa se fixo a consulta á Asesoría Xurídica, sobre as medidas que se poden tomar contra o uso indebido de ditas contas, e que se informará ao Claustro. Por outro lado, a Secretaría Xeral enviaralle a normativa sobre o funcionamento da Comisión de Reclamacións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 h do día 9 de decembro de 2014, da que eu como secretaria do Claustro, por ausencia da secretaria xeral, dona Gloria M. Pena Uris, dou fe co vº. e pr. do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

P.A. Elsa Vázquez Otero